

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

15065 *Real decreto 968/2020, do 10 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.*

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, ten entre os seus obxectivos garantir que as actividades da pesca e da acuicultura sexan sustentables ambientalmente a longo prazo e se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimenticios.

Pola súa banda, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins potenciar o desenvolvemento de empresas competitivas e economicamente viables no sector pesqueiro. Ademais, recoñécese que este é un sector económico que constitúe un conglomerado de actividades intimamente relacionadas, baseadas na explotación dos recursos mariños vivos e, abarcando actividades como a pesca extractiva, a comercialización, a construción naval, a industria auxiliar e os servizos relacionados, configura un conxunto económico e social inseparable.

As diferentes especies de peixe sapo presentes nas augas españolas do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, a xuliana (*Lophius piscatorius*) e a rabada (*Lophius budegassa*), son especies comerciais moi apreciadas gastronómicamente e de alto valor económico. Anualmente, establécese na Unión Europea o seu nivel máximo de capturas mediante o Regulamento de TAC e cotas, que abrangue tamén as augas do oeste de Portugal e do golfo de Cádiz, ao tratarse bioloxicamente das mesmas poboacións. A súa situación biolóxica, segundo os informes científicos dispoñibles, é boa, ao se situaren ambas as especies nos seus niveis de biomasa máis altos coñecidos. De feito, o TAC conxunto para ambas as especies, baixo o denominado *stock* ANF/8C3411 (familia *Lophiidae*), lévase establecendo varios anos baixo o obxectivo do rendemento máximo sustentable, principio fundamental da política pesqueira común.

Baixo o principio de estabilidade relativa da política pesqueira común, España é o Estado membro cunha maior asignación do TAC anual do mencionado *stock* ANF/8C3411, algo máis do 83 %. Correspóndelle o resto a Portugal (16,5 %) e unha mínima porcentaxe, a Francia. A xestión deste *stock* en España vén establecida por diferentes ordes ministeriais. Así, a Orde AAA/2534/2015, do 17 de novembro, pola que se establece un Plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, sinala que un 89,84 % da cota española deste *stock* se asigna a este caladoiro e que dentro dela se leva a cabo unha repartición entre 3 grupos de buques: os do censo de arrastre de fondo (47,86 %), os do censo de rasco (23,64 %) e os do resto de censos diferentes ao arrastre de fondo e ao rasco (28,50 %).

Nos últimos anos véñse constatando un baixo e decrecente consumo das cotas asignadas de peixe sapo en todas as modalidades segundo a distribución sinalada, que en 2020 acada un nivel global inferior ao 35 % da cota española e con ningunha modalidade que supere o 50 % de consumo sobre a súa cota asignada, malia a mencionada boa situación biolóxica do *stock*. Esta evidencia é aínda máis significativa no caso dos buques do censo de rasco, xa que se trata dunha arte de pesca tradicional do caladoiro Cantábrico e Noroeste deseñada especificamente para a captura dirixida de peixes sapo, e moi selectiva. De feito, constatouse unha diminución progresiva do número de buques que conforman este censo, desde os 34 existentes no ano 2011 ata os 21

actuais, e unha menor dedicación dos ditos buques a esta pesqueira ao longo do ano, compensada coa actividade noutras pesqueiras como a xarda ou o atún branco. O consumo global da cota de peixe sapo para esta modalidade situouse en 2020 unicamente nun 28 % da súa cota asignada.

O uso da arte de rasco no caladoiro do Cantábrico e Noroeste regúlase mediante o Real decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste. Nel establécense diferentes parámetros, como a definición da arte, as súas características técnicas ou o esforzo pesqueiro que se pode realizar.

Pola súa banda, o Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1967/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e os regulamentos (UE) n.º 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 894/97, (CE) n.º 850/98, (CE) n.º 2549/2000, (CE) n.º 254/2002, (CE) n.º 812/2004 e (CE) n.º 2187/2005 do Consello, define como rede de enredo unha rede fixa que consta dun pano de rede aparelado de maneira que a rede se colgue ás cordas para crear unha maior extensión de rede frouxa ca unha rede de enmalle. Ademais, establécese unha prohibición xeral de utilizar redes de enredo en calquera posición en que a profundidade indicada nas cartas batimétricas sexa superior a 200 metros. Non obstante, no anexo VII, parte C, permítese en augas suroccidentais unha excepción para utilizar artes de enredo para a pesca dirixida ao peixe sapo cunha dimensión da malla de 250 mm como mínimo e unha profundidade máxima de 15 mallas, cando a lonxitude total de todas as redes despregadas non sexa superior a 100 km e o tempo máximo de inmersión sexa como máximo de 72 horas.

Debido ás circunstancias actuais sinaladas de baixo aproveitamento e rendibilidade da pesqueira de peixe sapo por parte dos buques do censo de rasco do Cantábrico e Noroeste, considérase adecuado modificar o mencionado Real decreto 410/2001, do 20 de abril, co fin de adaptar as condicións para a operatividade da dita frota, sempre dentro dos límites establecidos pola normativa europea sinalada, para mellorar a súa rendibilidade e asegurar a sustentabilidade económica e social dos buques que a compoñen. Neste sentido, considérase posible adoptar varias medidas, isto é: adaptar a definición da arte á realidade técnica actual e á normativa europea vixente; diminuír a dimensión de malla, que permitirá, se así a utilizan voluntariamente os armadores e os capitáns dos buques, a captura de exemplares máis pequenos pero dentro do tamaño mínimo de referencia para os efectos de conservación e da normativa europea para tal efecto; incrementar o esforzo pesqueiro nunha determinada época do ano por parte dos buques do censo de rasco do Cantábrico e Noroeste cando traballen con esta arte de pesca –iso lévase a cabo mediante a posibilidade de calar a arte dúas veces por semana cunha duración máxima de 72 horas de cada calado. Co horario actual, un dos calados non pode ser superior a 48 horas e, polo tanto, diminúe a rendibilidade da pesqueira. A ampliación das horas de calado establécese coa condición de que o esforzo pesqueiro global non se incremente, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector respecto da fixación dos horarios de descanso semanal, e dobrar practicamente as dimensións en lonxitude da arte permitidas, ben que manténdoas aínda moi por debaixo do que permite a propia normativa europea ao establecer un máximo de lonxitude de todos os rascos calados por un buque simultaneamente.

Todas estas medidas non se adoptan de forma indefinida e serán reavaliadas con base no mellor coñecemento científico aos tres anos da súa aplicación. Neste sentido, tamén se levará a cabo unha análise espaciotemporal da actividade realizada con rasco xunto co resto de artes de pesca no Cantábrico e Noroeste, que permita presentar no futuro unha ordenación e convivencia adecuadas das artes de pesca neste caladoiro.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como o sector pesqueiro afectado e o Instituto Español de Oceanografía. Dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Por outra banda, de acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o presente real decreto está incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado 2020.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, garántense os principios de necesidade e eficacia dado a que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, pois asegura a súa correcta incardinación e coherencia co resto da regulación existente na materia, o que, pola súa vez, permite cumprir coas obrigacións adquiridas polo Reino de España *ad extra*. Polo demais, a norma respecta os principios de eficiencia, en canto que asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e de transparencia, pois garantiuse unha ampla participación na súa elaboración.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.*

O Real decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 5. *Rasco.*

1. Definición: enténdese por rasco unha arte de enredo fixo ao fondo, de forma rectangular, constituída por varios panos de rede unidos entre si. A arte vai armada entre unha relinga de flotadores e outra de lastres, de modo que o balance entre eles lle fai adoptar unha posición case tendida no fondo. Diferénciase da volante por ter maior amplitude de malla. Diríxese fundamentalmente á captura de peixe sapo.

2. Características técnicas:

a) As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 250 milímetros.

b) Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50 metros e unha profundidade máxima de 15 mallas. A lonxitude máxima total da arte, medida de puño a puño, non poderá exceder os 20.000 metros. Pola súa vez, a suma das lonxitudes de redes caladas simultaneamente non poderá exceder os 60.000 metros totais.

c) Queda prohibido calar artes de rasco por dentro da isóbata de 50 metros.»

Dous. O número 2 do artigo 12 queda redactado do modo seguinte:

«2. O período autorizado para exercer a pesca con artes fixas será, para cada buque, de cinco días por semana, sen prexuízo do establecido na disposición adicional terceira. O inicio e final da semana virán determinados pola regulación autonómica sobre horarios.

En todo caso, os aparellos e artes de pesca incluídos neste real decreto deberán ser retirados do seu calamento durante corenta e oito horas continuadas por semana e transportados a porto.

Desta obriga quedan excluídas as embarcacións que estean dedicándose á pesca de túnidos á cacea ou con canas e cebo vivo.»

Tres. Engádesse a seguinte disposición adicional terceira:

«Disposición adicional terceira. *Excepción temporal para os buques do censo de rasco do Cantábrico e Noroeste.*

Durante os anos 2020, 2021 e 2022, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector respecto da fixación dos horarios de descanso semanal, exceptuaranse os buques do censo de rasco do Cantábrico e Noroeste das obrigas contidas no artigo 12.2 e permitiráselles exercer a pesca coa arte de rasco durante un período semanal superior, sempre que respecten as condicións establecidas nos certificados de seguridade emitidos polas capitanías marítimas e que non se excedan os límites establecidos neles coas seguintes limitacións.

Os ditos buques poderán realizar dous únicos calados da arte por semana, cun tempo de inmersión máximo cada un de 72 horas. Para poder exercer a posibilidade anterior, o buque non poderá exercer a pesqueira de rasco durante tres meses naturais completos nun ano natural, e non terán que ser meses consecutivos. Antes do 31 de xaneiro de cada ano cada buque comunicará á Dirección Xeral de Pesca Sustentable o período de tres meses escollido para ese ano.»

Catro. Engádesse a seguinte disposición adicional cuarta:

«Disposición adicional cuarta. *Análise espaciotemporal da actividade da modalidade de rasco en relación co resto de modalidades do Cantábrico e Noroeste.*

A Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación levará a cabo, antes do 1 de xuño de 2021, unha análise espaciotemporal da actividade levada a cabo polos buques do censo de rasco do Cantábrico e Noroeste e polos buques cun cambio temporal de modalidade a esta arte, en relación co resto de modalidades do Cantábrico e Noroeste, co fin de presentar unha adecuada ordenación e convivencia de todas as modalidades neste caladoiro.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES